

Meu pai, Víctor Álvarez, naceu no ano 1970 na zona das Rías Baixas de Pontevedra e criouse en Aldán. Para este proxecto, cóntanos o que sabe sobre os anos de narcotráfico en Galicia e algúns temas relacionados como os problemas coas drogas naquela época. El non tivo contacto directo co tema, pero contoume que moitos dos seus compañeiros da EXB véronse involucrados en maior ou menor medida.

Daquela, relacionado con sucesivas crises, había moitas familias que non tiñan suficientes medios para vivir ben e moitas veces era necesario que os fillo comezaran a traballar o antes posible para gañar máis cartos. Tradicionalmente, os nenos que deixaban a escola para traballar, ían sobre todo ao mar, a pescar, cousa que predomina aquí pola nosa cercanía á costa. E precisamente por esta facilidade, foi que chegou a tradición do tráfico ilegal de sustancias, sobre todo nas Rías Baixas (en especial a Ría de Arousa), pois é un lugar máis resgardado da vista.

Nos anos 80 extendeuse o tráfico de tabaco que viña por mar en grandes cantidades dos Estados Unidos e desembarcaban as mercancías nas costas galegas en barcas máis discretas. Aínda que a discreción non foi nunca o que máis preocupaba. Ía xente da vila a axudar nas descargas, e pronto este traballo atraeu aos adolescentes da EXB que precisaban cartos para axudar á familia. O traballo era así: a xente descargaba caixas grandes e pesadas de tabaco para vendelo na vila e a grandes compañías que se encargaban de levalo a outros países europeos; e a cambio pagábanlles ben e dábanlles un quiñón, unha especie de costumbre no mar, que neste caso consistía en dar unha cantidade de tabaco para uso de cada un.

Nas vilas a xente nin sequera se preocupaba demasiado por ocultar estas descargas, de feito adoitaba saberse de antemán cando ía haber unha descarga na praia. A gardia civil probablemente estaba ao tanto da situación pero normalmente facían a vista gorda e algúns aproveitábanse, xa que era sabido que o tabaco que viña de alá, por ilegal que fose, era moito mellor.

Sen embargo, a cousa cambiou cando deixou de traficarse con tabaco e comezou o tráfico de drogas máis fortes, como o hachís e logo a cocaína e a heroína, que viñan usualmente de Colombia, para a venda a outros países europeos tamén. Aquí houbo un serio problema nos anos 80 e 90 co asunto das drogas, sobre todo coa heroína, que matou a miles de persoas novas; e cabe dicir que o problema inicial non foi o feito de que esta droga fose traficada, senón o quiñón que se lles daba aos das descargas. Entre esta xente que ía ás descargas tamén predominaban adolescentes e persoas novas, cun coñecemento do dano das drogas probablemente menor que outra xente. Neste caso, a mercancía que se lles daba a cambio do traballo non era tabaco, senón heroína. Isto fixo que moita xente da vila que podería non estar interesada en comprar drogas, tivese un primeiro contacto con elas, e desenvolvese rápidamente unha adición seria. Pronto o consumo de heroína extendeuse por toda Europa e España como unha verdadeira epidemia. Aumentou notablemente a criminalidade de todo tipo (tamén adoitaban asaltar ás farmacias) e os problemas sociais e familiares, pois son moitos os casos de familias

que remataron arruinadas pola adición dun fillo (normalmente), que consumía todos os cartos da familia en heroína. Podemos ver que o que comezou como unha axuda económica familiar, rematou en moitas ocasións nunha ruina económica e traxedia, pois os fillos morrían. Outro dos problemas cos que esta tendencia estivo relacionada foi coa expansión da SIDA, tamén por eses anos, xa que a hixiene entre os heroinómanos era bastante escasa, dise deles que desenvolven unha especie de fobia á hixiene, e sobre todo, adoitan compartir as xeringas entre eles, polo que no caso dun contaxiado, o virus pasa directamente ao sangue dos demais.

Daquela a guardia civil procurou controlar a situación, aínda que pouco fixeron ao principio. Meu pai contoume que os narcotraficantes usaban unhas lanchas chamadas planeadoras, que levaban unha velocidade enorme e eran moi áxiles para esquivar obstáculos no mar e despistar ás lanchas dos gardias que os seguían. Os narcotraficantes seguían sen buscar moita discreción, pois as autoridades "non tiñan probas" para acusalos de tráfico de drogas, aínda que todo o pobo o soubese, xa que tiñan coches caros e enormes mansións.

A cousa cambiou cando cando as nais enfadadas de persoas enganchadas e mortas comezaron a agruparse e manifestarse para presionar ás autoridades a que fixeran algo para parar esa situación. Elas mesmas ían as casas dos traficantes, destrozábanlles os xardíns e gritábanlles: "Sodes uns asesinos porque estades matando aos nosos fillos!". De esta forma lograron chamar a atención das autoridades, e pouco a pouco o asunto foi controlándose máis, e a xente comezou a concienciarse máis.

Ata o día de hoxe, as cousas cambiaron moito, e agora temos moitos coñecementos sobre estas sustancias ilegais que antes non se tiñan, e que, por ignorancia, acabaron coa vida de miles de persoas. Por desgraza, actualmente o narcotráfico segue a existir, aínda que evolucionou e está moito máis controlado e discreto; aínda que quen sabe se eses veciños das enormes casas poderían estar involucrados...